






REINO PROTISTAS


BIOLOXÍA E XEOLOXÍA – 1º ESO



CINCO REINOS



Tipo de célula: eucariota
Nº Células: unicelulares e pluricelulares
Paredes celulares: Sí
Cloroplastos: Sí
Nutrición: Autótrofa e heterótrofa
Tecidos: Non



REINO PROTISTA – AUTÓTROFOS


O reino protista ou protoctista, é un dos reinos en que a bioloxía clasifica os **seres vivos eucariotas** que non poden ser clasificados como animais, plantas nin fungos.

Estes seres poden ser **unicelulares e pluricelulares**. Os organismos pluricelulares que podemos atopar neste reino **non posúen tecidos diferenciados**. Por que acontece isto? Porque inda que son **pluricelulares** todas as súas **células** son **iguais**, a **excepción das reprodutoras**.



AS ALGAS

Son organismos **eucariotas autótrofos** que poden ser **unicelulares ou pluricelulares**. As súas células adoitan ter **paredes celulares** recubriendo a **membrana plasmática**, e no citoplasma presentan **ribosomas, mitocondrias, vacúolos e cloroplastos**.



Como vimos os protistas agrupan aos seres vivos eucariotas unicelulares e pluricelulares que **non presentan células diferenciadas en tecidos**. Así se dá a curiosa circunstancia de que a este grupo **pertencen os protozoos e algas microscópicas do fitoplancto**, así como tamén **algas xigantes** como *Macrocystis pyrifera* que alcanza os 50 m de lonxitude e pode crecer máis de medio metro ao día.



Unicelulares: Non sempre posúen parede celular. Asoitan ser móbiles e algunhas reptan.

Pluricelulares: Teñen células con parede celular para fortalecer o seu corpo. Son seres inmóbiles.

AS FUNCIÓNS VITAIS DO REINO PROTISTA



Nutrición




Autótrofos

Son seres fotosintéticos, grazas a que posúen clorofila. Esta cor verde pode estar enmascarada por cores como a vermella, parda ou amarela debido a presenza doutros pigmentos que empregan para captar a luz en zonas pouco iluminadas



Relación





Responden ante estímulos **do medio** como a luz ou salinidade, desprazándose cara ou en contra de éstos. As algas pluricelulares **aumentan máis ou menos de tamaño** segundo a presenza da luz (estacións)



Reprodución

Reprodución asexual, por **fragmentación** (unha porción de alga orixina un novo individuo) por **esporas** (células especiais xeran novos seres)

Reprodución sexual, por exemplo na Spirogyra un filamento masculino pasa o seu material xenético a un feminino




IMPORTANCIA DAS ALGAS

Son capaces de **fabricar materia orgánica** a partir de materia inorgánica



Manteñen os ecosistemas:
Son os organismos autótrofos que **producen a materia orgánica a partir da cal se alimentan** outros organismos **heterótrofos**.

Xeran o osíxeno necesario para a respiración de todos os seres vivos.



Alimento:
Empréganse para **uso alimentario** tanto mediante a recolección de algas silvestres como mediante o seu cultiv (sopas ou ensaladas)



Producen bens e servizos:
Empréganse en microbioloxía, para cultivar microorganismos; en agricultura como fertilizante, e en acuicultura, como alimento para as larvas dos peixes